

- c) Lugar de execución: Redondela (Pontevedra).
 d) Prazo de execución: Dous anos.
- 3) *TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN:*
- a) Tipo de contrato: administrativo.
 b) Tramitación: ordinario.
 c) Procedemento: aberto.
 d) Forma: concurso.
- 4) *ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:*
- Importe total: 502.127,00 €.
- 5) *ADXUDICACIÓN:*
- a) Data: 30 de novembro do 2006.
 b) Contratista: Hidroscivil, S.L.
 c) Nacionalidade: española.
 d) Importe da adxudicación: 622.489,37 €.

Redondela, 27 de febreiro de 2007.—O Alcalde Accidental, Xosé Carlos Pazos Docampo. **2007002440**

* * *

RODEIRO

E D I C T O

Sendo aprobado de forma definitiva o Regulamento de creación e funcionamento do rexistro de parellas de feito do Concello de Rodeiro, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, publícase como anexo o texto íntegro do mesmo, entrando en vigor transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da devandita lei 7/1985.

Rodeiro, 5 de marzo de 2007.—O Alcalde, Eliseo Diéguez García.

A N E X O

REGULAMENTO DE CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DO REXISTRO DE PARELLAS DE FEITO DO CONCELLO DE RODEIRO

I. *Exposición de motivos*

O libre desenvolvemento da personalidade e a igualdade ante a Lei dos cidadáns constitúen algúns dos principios fundamentais do noso ordenamento xurídico e social. A Constitución Española demanda de tódolos poderes públicos a promoción das condicións para que esa liberdade e igualdade das persoas e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, debendo, polo tanto, ser removidos os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude conforme ao previsto na propia Constitución e no Estatuto de Autonomía de Galicia.

Así mesmo, no libre e lexítimo exercicio da súa autonomía persoal, todo home e toda muller, teñen dereito a constituír, mediante unha unión afectiva de convivencia unha comunidade de vida que, completada ou non con fillos, dea lugar á creación dunha familia. A protección da cal está asegurada polos poderes públicos de conformidade co artigo 39.1 da Constitución, coa finalidade de garantir o respecto e a promoción dos anteditos principios fundamentais de libre desenvolvemento da personalidade e da igualdade de tódolos cidadáns.

As unións afectivas constituídas por parellas do mesmo sexo, unha vez superadas as discriminacións históricas por razón de orientación sexual, deben acadar polos mesmos fundamentos a súa protección, de acordo coa existencia constitucional de igualdade e liberdade dirixidas a tódolos poderes públicos.

O presente Regulamento municipal de parellas de feito intenta cubrir unha demanda social, polo que o seu obxecto é ofrecer un instrumento e un servizo eficaz que favoreza a non discriminación das persoas que se relacionan mediante unións de feito, procurándose que queden determinadas as regras básicas de funcionamento do Rexistro de Unións de Feito no ámbito territorial do Concello de Rodeiro.

En todo caso, o funcionamento do rexistro deberá salvagardar, no marco da lexislación vixente, o dereito á intimidade das persoas.

Na súa virtude,

Considerando que o artigo 39 da Constitución española concibe e ampara á familia como relación de convivencia mutua, sen referirse exclusivamente ao matrimonio.

Considerando que a existencia constitucional da igualdade está dirixida a tódolos poderes públicos e por iso, en tanto non se promulguen as disposicións legais pertinentes, e sen prexuízo da aplicación analóxica ou dunha interpretación xudicial adecuada á realidade social dos nosos tempos, semella procedente ofrecer, incluso no reducido ámbito da administración local, un instrumento xurídico que favoreza e garanta a protección social, económica e xurídica das familias constituídas por medio de unións non matrimoniais, con independencia da orientación sexual.

Considerando que é competencia dos concellos “prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal” e “a prestación dos servizos sociais...” (artigo 25 da Lei 7/85, do 2 de abril), e ostentando o alcalde non só a potestade de dirixir os servizos, senón tamén a potestade residual a teor do artigo 21.1. s) da devandita lei.

Establécese o seguinte:

II. REGULAMENTO DE CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE UNIÓN DE PARELLAS DE FEITO NO CONCELLO DE RODEIRO

Artigo 1. *Obxecto.*

1.1 O Concello de Rodeiro crea o rexistro municipal de unión de parellas de feito para o cumprimento das competencias propias deste.

1.2 O rexistro de unións de feito terá carácter administrativo e voluntario, rexerese polo presente regulamento e demais disposicións que poidan dítarse no seu desenvolvemento.

Artigo 2. *Ámbito.*

Terán acceso a este rexistro as unións non matrimoniais de convivencia de parellas sen prexuízo da súa orientación sexual, que teñan a súa residencia habitual no territorio de Rodeiro.

Artigo 3. *Requisitos das inscricións.*

3.1 As inscricións realizaranse previa solicitude conxunta dos membros da unión de feito, trala declaración formal respecto da existencia da unión realizada en comparecencia persoal e conxunta perante o funcionario encargado do rexistro.

A solicitude e a declaración formalizaranse en modelos normalizados que figuran como anexo deste regulamento.

3.2 Coa solicitude achegarase a documentación acreditativa do cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Ser maiores de idade ou menores emancipados, acreditándose mediante fotocopia do documento nacional de identidade ou documentos acreditativos da emancipación, de conformidade co establecido no artigo 314 e seguintes do Código civil.
- b) Non ter relación ou parentesco por consanguinidade ou adopción en liña recta ou liña colateral ata de segundo grao; non estar incapacitados xudicialmente; e non estar ligados con vínculo matrimonial. Estes requisitos acreditaranse mediante certificado do rexistro civil.
- c) Non figurar inscrito como membro doutra unión de feito non cancelada. Este requisito xustificarse mediante declaración responsable de cada un dos membros da parella.
- d) Ademais dos requisitos anteriores, deberán estar empadroados ambos no Concello de Rodeiro pola súa condición de residente habitual neste.

Artigo 4. *Declaración e actos inscribibles.*

Serán obxecto de inscrición:

4.1 A constitución e extinción das unións de feito.

4.2 Os contratos reguladores das relacións persoais e patrimoniais entre os membros das unións de feito. Tamén, se poderán inscribir outros feitos e circunstancias relevantes que afecten a unión non matrimonial.

4.3 Non poderá practicarse inscrición algunha no Rexistro sen o consentimento conxunto dos membros da unión de feito, agás o previsto no artigo 5.2 deste regulamento.

Artigo 5. *Extinción ou terminación da unión.*

A extinción da unión civil poderá realizarse:

5.1 De común acordo, mediante declaración conxunta.

5.2 A instancia dun só dos seus membros, sendo necesario para a disolución efectiva demostrar que o feito está en coñecemento das dúas partes, ou exclusivamente da parte que propón a disolución no caso de estar demostrado o abandono efectivo da convivencia coa parella a través de documentos que así o acrediten (baixa no padrón de habitantes, cambio de enderezo ou acta notarial).

5.3 Por defunción ou declaración de falecemento dun dos membros da unión de feito.

5.4 Por matrimonio dun dos membros.

Artigo 6. *Efectos.*

A inscrición no rexistro declara actos rexistrados pero non afecta á súa validez nin ós efectos xurídicos que lle sexan propios, que se producen á marxe deste.

Artigo 7. *Publicidade.*

A publicidade do rexistro municipal de unións de feito quedará limitada exclusivamente a expedición de certificacións dos seus asentos a instancia de calquera dos membros da unión de feito ou dos xuíces e tribunais de xustiza.

Artigo 8. *Órgano competente.*

O rexistro estará a cargo da Secretaría do Concello e dependerá da Alcaldía, podendo delegarse a súa adscrición e xestión administrativa a calquera outra unidade administrativa deste concello.

Artigo 9. *Materialización.*

9.1. O rexistro materializarase nun libro xeral no que se practicarán as inscricións ás que se refiren os artigos precedentes. As devanditas inscricións reflectirán o contido da declaración conxunta feita previamente pola parella na folla asinada por esta.

9.2. O libro está formado por follas correlativamente numeradas, foliadas e seladas, legalizadas polas rúbricas da Alcaldía e Secretaría do

Concello, e estará encabezada e rematará coas correspondentes dilixencias de apertura e peche estendidas pola Secretaría, co visto e prace do alcalde.

Artigo 10. Inscripción.

A primeira inscrición de cada parella terá carácter de inscrición básica e na súa marxe anotarse a referencia de calquera outro asento que se produza con posterioridade no libro xeral principal relativo a esa unión.

Artigo 11. Libro auxiliar.

O rexistro terá tamén un libro auxiliar, ordenado por apelidos, das persoas inscritas, no que se expresará o número das páxinas do libro xeral nas que existan anotacións que lles afecten.

Artigo 12. Gratuidade.

As inscricións que se practiquen e as certificacións que se expidan serán gratuítas, agás ordenanza reguladora ou disposición ó contrario.

Disposición final

1.—Autorízase ao alcalde-presidente para ditar cantas disposicións sexan precisas para o mellor desenvolvemento e execución do presente regulamento.

2.—O presente regulamento entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP)

A N E X O S

Modelo de solicitude de inscrición no Rexistro de Unións de Parellas de Feito do Concello de Rodeiro

Dona/don:.....

DNI número:.....

Dona/don:.....

DNI número:.....

Empadroados no Concello de Rodeiro, no enderezo:, e teléfono:.....

Expoñemos: que reunimos os requisitos esixidos no artigo 3º do Regulamento do Rexistro de Unións de Parellas de Feito do Concello de Rodeiro, aprobado por acordo plenario de data vinte e seis de decembro de 2006, e publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número, de data para acreditar isto, presentamos a seguinte documentación que se achega á instancia:

- 1 Fotocopias compulsadas dos documentos nacionais de identidade.
- 2 Certificado/s do rexistro civil acreditativo/s da emancipación.

3 Certificado/s do rexistro civil acreditativo/s dos requisitos previstos no artigo 3.2 b) deste regulamento.

4 Declaración responsable de cada un dos membros da parella de formar unha unidade de convivencia non matrimonial estable no domicilio citado na instancia e de non figurar como membros de outras unións de feito non canceladas.

5 Certificado/s de empadramento no Concello de Rodeiro.

Por iso, solicitamos libre e voluntariamente:

Primeiro.—A inscrición no Rexistro de Unións de Parellas de Feito do Concello de Rodeiro como tal parella de feito.

Segundo.—A constancia no rexistro dos convenios, feitos e circunstancias que se especifican en folla que se achega a esta solicitude.

Rodeiro, de de

Asinado:.....

Asinado:.....

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE RODEIRO.

Modelo de declaración responsable

Dona/don:.....
....., e dona/don:

Para os efectos establecidos no artigo 3.1 e 3.2 c) do Regulamento do Rexistro de Unións de Parellas de Feito do Concello de Rodeiro realizamos, ante a Secretaría Xeral do concello, a seguinte

Declaración responsable:

a) Actualmente formamos unha unidade de convivencia non matrimonial estable no domicilio citado na instancia, sen que formemos parte de ningunha outra unión de feito non cancelada.

b) Coñecemos o articulado do Regulamento de Unión de Parellas de Feito do Concello de Rodeiro, e comprometémonos a comparecer persoal e conxuntamente no suposto de modificación posterior dos datos inscritos en canto a convenios, feitos, ou circunstancias manifestados na solicitude inicial.

Rodeiro, de de

Asinado:

Asinado:

Modelo de folla de inscrición no Rexistro

(Selo da entidade) (sinatura do/a alcalde/esa) (sinatura do/a secretario/a) (folio nº)

Inscrición núm.:

Data de solicitude de inscrición:

Núm. de Rexistro de entrada:

Enderezo:

Sendo as.... horas do día de de, comparecen ante min, don/dona secretario/a do Concello de Rodeiro, as persoas que de seguido se relacionan:

Dona/don:.....

Dona/don:.....

Para manifestar:

Primeiro. Que son certos todos os datos consignados na solicitude formulada para a inscrición no Rexistro de Unións de Parellas de Feito do Concello de Rodeiro, así como na declaración e demais documentación presentada con esta.

Segundo. Que no día de hoxe forman unha unidade de convivencia estable non matrimonial no enderezo no que aparecen empadroados, sen que formen parte de ningunha outra unión de feito non cancelada.

Terceiro. Que solicitan quede constancia, mediante transcripción literal, dos seguintes convenios reguladores das relacións persoais e patrimoniais entre os membros da unión de feito:

Cuarto. Que solicitan quede constancia dos feitos seguintes e circunstancias relevantes que afectan á unión non matrimonial:

Logo da lectura íntegra de todo o exposto, os comparecentes ratifícanse no manifestado e, en proba de conformidade, asinan ante min, secretario/a, que dou fe, este documento.

Rodeiro, de de.....

Os interesados,

O/a secretario/a, O alcalde

Rodeiro, de de

Rodeiro, 5 de marzo de 2007.—O Alcalde, Eliseo Diéguez García.—O Secretario, José M^a Novo Ramos. 2007002366



MANCOMUNIDADE DO SALNÉS

Modificación da declaración de ficheiros de datos de carácter persoal publicados o 10 de novembro de 2006.

FICHEIRO PERSOAL

1. *Medidas de seguridade:* Básico

2. *Tipo de datos de carácter persoal que se incluírán no ficheiro:*

- Outros datos especialmente protexidos [saúde].
- Datos de carácter identificativo [DNI/NIF, nº seguridade social, mutualidade, nome e apelidos, dirección(postal, electrónica), teléfono, firma].

- Datos de características persoais.
- Datos de circunstancias sociais.
- Datos académicos e profesionais.
- Datos de detalles de emprego.
- Datos económico-financieros.
- Datos de transaccións.

3. *Finalidade:* Xestión da relación laboral e obrigacións derivadas da mesma (selección de persoal, xestión de nómina, prevención de riscos laborais, xestión de emprego)

4. *Cesións:* Organismos da seguridade social, Fazenda Pública e Administración Tributaria; Outros órganos da Administración Local; Bancos, Caixas de Aforro e Caixas Rurais, Interesados lexítimos, FREMAP. Outras Administracións: INEM, Servicio Galego de Colocación.

FICHEIRO CONTABILIDADE

1. *Medidas de seguridade:* Básico

2. *Estructura do ficheiro*

- De carácter identificativo [DNI/NIF, nº seguridade social, mutualidade, nome e apelidos, dirección].
- De información comercial.
- Económicos, financeiros e de seguros.
- De transaccións de bens e servicios.

3. *Finalidade:* Xestión contable, fiscal, económica e administrativa da Mancomunidade, e dar cumprimento a tódalas obrigacións contables e fiscais.

4. *Cesións:* Organismos da Seguridade Social, Hacienda Pública e Administración Tributaria. Outros órganos Xudiciais, Tribunal de Contas ou equivalente autonómico; Bancos, Caixas de Aforro e Caixas Rurais, interesados lexítimos. Entidades Aseguradoras.

FICHEIROS PROXECTOS EUROPEOS

1. *Medidas de seguridade:* Básico

2. *Estructura:*

- Datos de carácter identificativo [DNI/NIF, nº seguridade social/mutualidade, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma, imaxen].
- Información comercial
- Económicos, financeiros e de seguros
- Transaccións de bens e servicios
- Académicos e profesionais
- Características persoais
- Circunstancias sociais

3. *Finalidade:* Xestión e control do desenvolvemento de proxectos e servicios prestados con cargo a fondos europeos. Traballo e xestión de emprego. Outras finalidades.